

**RESOLUCIÓN DA COMISIÓN DA TRANSPARENCIA DA RECLAMACIÓN PRESENTADA AO AMPARO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL 5ª DA LEI 1/2016, DO 18 DE XANEIRO, DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO**

En resposta á reclamación presentada por [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] mediante escrito do 11 de marzo ante o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

[REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] presentou unha reclamación por entender desatendida unha solicitude de acceso á información polo Concello de Caldas de Reis. O citado Consejo remite esta reclamación á Comisión da Transparencia o 6 de maio.

Con data do 18 de maio, vía correo electrónico, requírese ao Consejo de Transparencia y Buen Gobierno que remita máis datos, se os posuía, sobre a persoa que presentou a queixa, así como os antecedentes do expediente.

Transcorridos os prazos legais o interesado non reclama ante a Comisión.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

A disposición adicional 5ª da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno establece que a resolución das reclamacións previstas no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo.

O artigo 33 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno establece que corresponde á Comisión da Transparencia a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno establece que o seu procedemento axustarase ao previsto nos números 2,3,e 4 do artigo 24 da Lei

19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, para as reclamacións perante o Consello de Transparencia e Bo Goberno.

## RESOLUCIÓN

En atención aos antecedentes e fundamentos xurídicos descritos, procede:

-Arquivar a reclamación presentada por [REDACTED], contra a denegación de información do Concello de Caldas de Reis, por non ter o interesado reclamado ante a Comisión da Transparencia.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2016

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga